



Katapu Karipo

BIRAVXS

Katalin Karikó (1955)

Bioquímica nacida en Kisújszállás, unha pequena cidade húngara, nunha casa sen auga quente nin electricidade; porén, como ela sinala: «...eu era unha nena feliz. O meu pai era carnicero e gustábame miralo traballar, observar as vísceras, os corazóns dos animais: quizais de aí veume a vena científica».

Cando era unha científica nova, a súa nai dicíalle que algún día gañaría o Nobel porque observaba todas as súas calidades extraordinarias. Despois de estudar Bioloxía en Hungría, foi aos EUA para realizar o doutoramento, cos cartos da venda do seu coche que agochou no oso de peluche da súa filla. En 1990, a súa primeira solicitude de bolsa de investigación foi rexeitada, e así en ocasións sucesivas. Tivo que encarar o sexismo laboral, a misoxinia ambiental e o chamado «efecto Matilda» en varias ocasións, mesmo cando xa era profesora na Universidade de Pensilvania, onde a degradaron de rango e a ignoraban, pese a que ela dirixía o seu propio laboratorio: «Pensei en deixalo. Tamén me dicía que non era o suficientemente boa ou intelixente». Pese a estas dificultades, Karikó aferrouse á súa paixón, que para ela era coma un xogo divertido: «Visto dende fóra pode parecer tolo, incluso insultante, pero era feliz no laboratorio», rememora.

Durante toda unha década, ninguén apoiou a súa idea de realizar tratamentos e vacinas baseadas na molécula do ARN. En 1997 coñeceu o inmunólogo Drew Weissman e empezaron a colaborar. Os seus descubrimentos foron imprescindibles para facer posibles as dúas principais vacinas (Moderna e Pfizer-BioNTech), que están axudando a resolver os efectos da pandemia da covid-19. Esta investigadora, migrante e a miúdo desprestixiada, persistiu no seu traballo pese ao ambiente machista hostil que a rodeaba. Hoxe é unha das científicas máis influentes do planeta.

Ilustración: Marta Riera / marta@martaierera.com

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

Cátedra de
Feminismos 4.0

 **DEPUTACIÓN**
PONTEVEDRA